

Participantes

Membros da Universidade de Vigo

Foto: “Fénix do Inferno”
Autor: Xian Faro Rodríguez
(1^{er} Premio ano 2020)

Bases do Concurso

- 1.- Poderán participar só os membros da Comunidade Universitaria.
- 2.- Tema: calquera tema relacionado coa fotografía científica.
- 3.- Admitiranse un máximo de 3 obras por autor, que deben ser inéditas.
- 4.- Admitiranse traballos tanto en branco e negro como a cores, realizados con calquera técnica.
- 5.- O tamaño mínimo das fotografías será de 10 x 15 cm e o máximo de 20 x 30 cm. As obras deberán ir montadas sobre cartolina, cun marco de polo menos 2 cm onde figurará o título da obra.
- 6.- Cada participante entregará dous sobres cerrados: un deles, marcado externamente coa palabra “obra”, conterá as obras identificadas cun pseudónimo; no outro sobre, indicárase externamente o “pseudónimo elixido”, e incluírá o nome do autor, teléfono, correo electrónico e facultade á que pertence (incluíndo o curso e estudos, para os alumnos).
- 7.- O *prazo de admisión de fotografías será dende o 2 de novembro ao 8 de novembro* ás 20:00 horas.
- 8.- As obras depositaranse na Biblioteca do Edificio de Ciencias Experimentais.
- 9.- **Premios:**
1º premio: 275 euros; 2º premio: 175 euros; 2 accésits de 75 euros cada un.
- 10.- O xurado estará composto por:
- dous representantes do PDI; un representante do PAS; dous representantes dos alumnos/as
- 11.- O fallo do xurado será inapelable e cada autor só terá dereito a un premio.
- 12.- Realizarase unha exposición das obras no Edificio de CC. Experimentais a partir do 12 de novembro.
- 13.- A *entrega de premios terá lugar o día 12 de novembro* no acto de celebración de San Alberte a partir das 13:30 h no salón de Actos do Edificio de Ciencias Experimentais.
- 14.- Todas as obras premiadas pasarán a ser propiedade da Facultade de Bioloxía que poderá facer uso libre delas, citando sempre o nome do autor, o cal deberá entregar unha copia dixital da obra en máxima resolución.
- 15.- Os traballos non premiados poderán recollese no Decanato ata o 15 de decembro.
- 16.- Toda obra que non cumpra estes requisitos quedará fora de concurso.
- 17.- O feito de participar supón a total aceptación destas bases.